




Rumbo ás illas!

Actividade educativa para 4º, 5º e 6º de ensino primario, 2013.

A quen vai dirixido?	Alumnos de 4º, 5º e 6º de Ensino primario. O número máximo de alumnos por actividade é de 50 rapaces.
Cando se fai e Canto dura?	A actividade ten unha duración de 1hora e 15 minutos. Preferentemente realizárase de martes a venres, de 9:30 a 12:00.
De que falaremos?	Das catro illas do Parque Nacional: Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada. Dos fondos mariños que rodean as illas. Son un dos valores principais do Parque. Das distintas paisaxes-ecosistemas que hai no Parque (mariños e terrestres). Da forma de vida dalgunhas plantas e animais do parque. Da historia e costumes dos habitantes da illa.
Como falaremos de todo isto?	Dun xeito didáctico, participativo i despertando a curiosidade polas illas. O xogo, as adiviñas, os disfraces... serán as ferramentas comunicativas que se empregarán para dar a coñecer os valores naturais e patrimoniais do Parque. A actividade estará dividida en tres partes: <ul style="list-style-type: none">- Presentación do parque: nunha dinámica de grupos, os alumnos irán coñecendo os elementos do Parque.- Xogo “cada cousa no seu sitio”: Un xogo de pesca simulada no que os rapaces “pescarán” as especies máis representativas do Parque. Logo, seguindo unhas pistas, devolverán o que pescaron ao seu entorno natural (escollendo o ecosistema máis axeitado).- “Xentes das illas”: actividade onde os rapaces disfrazaríanse de personaxes que viviron ou viven nas illas: corsario, fareiro, mariñeiro e rei. Deberán buscar datos sobre estas personaxes na sala dos libros xigantes.

E SE QUEREDES IR Á ILLA, PODEDES PARTICIPAR NO NOSO
CONCURSO DE **rumbo ás illas!**

Os alumnos de 4º, 5º e 6º que realizaran a actividade no Cambón, poden participar nun concurso onde o premio será unha visita guiada a unha das illas do Parque.





O premio será **colectivo**, para toda o curso (no caso de ser varias aulas por curso, o premio estenderase para toda o curso sempre e cando o resto das aulas presentaran o traballo).

Inclúe os gastos derivados do **transporte** ás illas.

Que faremos na illa?

Na visita farase unha **actividade guiada** na illa pola mañá e tempo libre pola tarde. O horario aproximado de saída do porto máis próximo á illa a visitar sería ás 10:00, con chegada aproximada ás 18:00.

Que hai que facer para participar?

- 1º Traballar o **caderno didáctico** na aula i enviarnos as **fichas feitas das actividades para os alumnos**. So teredes que enviarnos 1 copia de cada unha das fichas realizadas, o que permite realizalas por grupos (significa que non todos os alumnos teñan que facer todas as fichas).
- 2º Tras traballar co caderno, **elaborar un cómic relacionado con algunha temática descrita no caderno** e coas seguintes indicacións:
 - Entregarase un cómic por cada aula que participe.
 - Tamaño máximo dun folio ou A4, por unha cara.
 - O máximo é de 6 viñetas por cómic.
 - A temática debe estar relacionada con algún aspecto a escoller do Parque Nacional.
 - Debe facerse a man e procurando a participación de toda a clase no traballo.

As fichas e o cómic deberá ser remitido á sede do parque:

Equipo de Uso Público do Parque Nacional Marítimo terrestre das illas Atlánticas de Galicia
Edificio Cambón, Rúa Oliva, 3, planta 2ª. CP36202, Vigo (Pontevedra)

O prazo de chegada rematará o **13 de maio**.

Quen gañará o concurso?

Realizarase unha selección entre os colexios participantes **en base a:**

- **Valoración do cómic:** Orixinalidade do deseño, adecuación dos conceptos, tratamento dos contidos e a presentación do traballo.
- **Aproveitamento e comportamento** do grupo na visita ao centro de visitantes.

Cando visitaremos a illa?

A resolución do concurso realizarase o **14 de maio**, e comunicarse a resolución a todos os centros participantes no concurso.

A visita á illa realizarase na **2ª quincena de maio** e será concretada con cada centro.

